ACTA CORRESPONDENTE Á SESIÓN EXTRAORDINARIA DO PLENO DE 21 DE XANEIRO DE 2010

No salón de sesións da Casa do Concello de Bergondo, a vinte e un de xaneiro de dous mil dez, sendo as vinte horas, ten lugar a sesión extraordinaria do Pleno municipal, presidida polo alcalde en funcións, D. José M. Francisco Mata Buyo., do grupo socialista, con asistencia dos/as señores/as concelleiros/as:

Grupo do Partido Socialista:
D. Jesús Vázquez García
D. Francisco Javier Santos Maseda
D.ª M.ª Begoña Calviño Dorado
D. Domingo Fuentes Rocha

Grupo municipal do Partido Popular:
D. José Eduardo Zapata Roel
D.ª Silvia María Vázquez Cardelle
D. José Luis Dans Medín

Grupo municipal Veciños de Bergondo:
D. Francisco Manuel Fafián Torreiro
D.ª María del Loreto Caseiras Arroyo

Grupo municipal do Bloque Nacionalista Galego:
D. Manuel Parga Fernández
D. Antón Sánchez García

Non asisten:
Alejandra Pérez Máquez (grupo municipal Partido Socialista)

Así mesmo asisten:
A interventora municipal: D.ª Laura Gutiérrez Ortiz
A secretaria xeral: M.ª de las Mercedes Fernández González

ORDE DO DÍA

1.- APROBACIÓN SE PROCEDE, DO PROXECTO DA OBRA INCLUÍDA NO *FONDO ESTATAL PARA O EMPREGO E SOSTENIBILIDADE LOCAL*, NOMEADO: *"RED DE SANEAMIENTO EN LUBRE (RUADALAMA, RIOMAIOR, GUINLLE, CORRAL DA IGREXA Y SANÍN)"*

2.- APROBACIÓN SE PROCEDE, DO PROXECTO DA OBRA INCLUÍDA NO *FONDO ESTATAL PARA O EMPREGO E SOSTENIBILIDADE LOCAL*, NOMEADO: *"RED DE*

SANEAMIENTO Y BOMBEO EN BERGONDO (LUGAR DE BERGONDIÑO Y TRAVESÍA DE SAN CIDRE".

3.- APROBACIÓN SE PROCEDE, DO PROXECTO DA OBRA INCLUÍDA NO *FONDO ESTATAL PARA O EMPREGO E SOSTENIBILIDADE LOCAL*, NOMEADO "*RED DE SANEAMIENTO EN OUCES (LUGARES DE O CASAL Y SILVOSO)"*

4.- APROBACIÓN SE PROCEDE, , DO PROXECTO DA OBRA INCLUÍDA NO *FONDO ESTATAL PARA O EMPREGO E SOSTENIBILIDADE LOCAL*, NOMEADO: "*RED DE SANEAMIENTO EN MORUXO (LUGAR DE MORUXO)"*

1.- APROBACIÓN SE PROCEDE, DO PROXECTO DA OBRA INCLUÍDA NO *FONDO ESTATAL PARA O EMPREGO E SOSTENIBILIDADE LOCAL*, NOMEADO: *"RED DE SANEAMIENTO EN LUBRE (RUADALAMA, RIOMAIOR, GUINLLE, CORRAL DA IGREXA Y SANÍN)"*

Dase conta ós/ás asistentes da proposta informada favorablemente pola Comisión Informativa, que transcrita literalmente di:
"O Real Decreto-lei 9/2008, de 28 de novembro, creou o Fondo Estatal de Inversión Local, dotado con 8.000 millóns de euros, co obxecto de aumenta-la inversión pública no ámbito local, mediante o financiamento de obras de nova planificación, execución inmediata e competencia propia das entidades locais.
A través do ***Real Decreto-lei 13/2009, de 26 de outubro****, (BOE núm. 259, de 27/10/2009), apróbase a creación dun novo Fondo, se ben se incorpora como obxectivo do mesmo que as inversións, proxectos e actuacións financiadas contribúan á sostenibilidade económica, social e ambiental, polo que se denomina* ***Fondo Estatal para o Emprego e Sostenibilidade Local.*** *No artigo 2 da citada norma establécense os proxectos de inversión e actuacións financiables con cargo a este fondo e, no artigo 9, detállanse os tipos de obras, equipamento e outras inversións financiables.*

Na ***Resolución de 2 de novembro de 2009,*** *da Secretaría de Estado de Cooperación Territorial (publicada no BOE núm. 265, de 03/11/2009), establécese que no prazo de tres meses, contados a partir do día seguinte ó da publicación no "Boletín Oficial do Estado" da presente Resolución, poderase presentar unha solicitude por cada proxecto de inversión a través da aplicación informática dispoñible a estes efectos na dirección electrónica do Ministerio de Política Territorial (www.mpt.es). As solicitudes presentaranse nos modelos de solicitude electrónica que se relacionan no anexo II da mencionada norma. Así mesmo, establécense as condicións para a autorización do financiamento, a adxudicación e o remate e xustificación da inversión. Neste sentido, dispone que a data límite de execución das obras será o 31 de*

decembro de 2010 e, para a acreditación das inversións realizadas, disporase de prazo ata o 31 de marzo de 2011.
En consecuencia co anterior, solicitouse a elaboración do correspondente proxecto e requiriuse ós servizos técnicos municipais de Vías e Obras a emisión dun informe sobre o mesmo, realizado con data de 8 de xaneiro de 2009, e que consta no expediente, co fin de propoñer ó Pleno que, logo de examina-lo citado expediente, adopte o seguinte acordo:
***Primeiro.- Aproba-lo proxecto** nomeado "**Red de saneamiento en Lubre (Ruadalama, Riomaior, Guinlle, Corral da Igrexa y Sanín)",** cun orzamento sen IVE de 151.460,06 euros, IVE de 24.233,61 euros, que supón un total de **175.693,67 euros,** redactado polo enxeñeiro de camiños, canais e portos don José Luis Piñeiro Arnoso, colexiado núm. 5.178, e financiado integramente polo citado **Fondo Estatal para o Emprego e Sostenibilidade Local**.*
***Segundo.-** Declarar que este concello está a tramitar as actuacións correspondentes para a disposición dos terreos, augas e servidumes para a execución das obras, e o relacionado coas concesións e autorizacións administrativas que legalmente sexan necesarias.*
***Terceiro**.- Presentar na Subdelegación do Goberno, mediante a aplicación informática, a solicitude correspondente, acompañada dunha memoria explicativa do proxecto de inversión e demais documentación indicada no artigo 3.2 da Resolución da Secretaría de Estado de Cooperación Territorial, do día 2 de novembro de 2009 (publicada no BOE núm. 265, de 03/11/2009).*
***Cuarto.-** Facultar expresamente á Sra. alcaldesa para todo o necesario e relacionado coa tramitación e xestión do presente acordo e o seu correspondente expediente.*
De tódolos xeitos o Pleno municipal decidirá o que crea máis conveniente.
Bergondo, 11 de xaneiro de 2010= O alcalde en funcións(Decreto 1042/2009)=José M. Francisco Mata Buyo"

A continuación toma a palabra o Sr. alcalde en funcións, e fai unha descrición da totalidade dos proxectos que se presentan para a súa aprobación polo Pleno: o que lle corresponde ó Concello de Bergondo neste novo Fondo Estatal son seiscentos vinte e dous mil euros, que se reparten neste catro proxectos de saneamento.
O primeiro, relativo á proposta que se acaba de ler, pertence á parroquia de Lubre, son dous mil cento nove metros de colector por un importe de cento setenta e cinco mil seiscentos noventa e tres euros.

Outro proxecto pertence á parroquia de Bergondo, nos lugares de Bergondiño e San Cidre, que son oitocentos sesenta e sete metros, por un importe de cento sesenta e seis mil douscentos sesenta e tres euros.

O terceiro proxecto é na parroquia de Ouces, lugares de Casal e Silvoso, dous mil cento sesenta e nove metros, por un importe de cento oitenta e tres mil seiscentos dez euros.

E, o cuarto, é na parroquia de Moruxo, son mil oitocentos doce metros, por un importe de cento noventa e seis mil novecentos catorce euros.

En total son cinco mil novecentos cincuenta e sete metros de colectores, continuidade dos trazados que xa había.

Seguidamente toma a palabra o Sr. voceiro do PP, José Eduardo Zapata Roel e di: falárase de que Aquagest, ía facer un estudo do que xa temos feito, queremos saber si xa o fixo, mais que nada para saber onde temos tubos e onde fai falta maior inversión.
Sr. alcalde en funcións: Aquagest aínda non o fixo; o enxeñeiro que está a facer, e realizou, a maior parte dos proxectos, díxoselle e fixo un estudo; de feito díxome que estamos arredor do oitenta por cento do territorio de Bergondo en colectores.
Sr. voceiro do PP: iso tamén o dixo no Pleno anterior, que estamos no oitenta por cento, e fanse oito obras, imaxino que se aumentaría ese oitenta por cento.
Sr. alcalde en funcións: é algo aproximado que me dixeron.
Sr. voceiro do PP: ¿para cando teremos ese estudo?, do que xa está feito.
Sr. alcalde en funcións: pronto.

Trala correspondente deliberación, o Pleno municipal por **unanimidade** dos/as doce concelleiros/as asistentes, dos trece que forman a totalidade da Corporación municipal, aproba a proposta que se acaba de transcribir.

2.- APROBACIÓN SE PROCEDE, DO PROXECTO DA OBRA INCLUÍDA NO *FONDO ESTATAL PARA O EMPREGO E SOSTENIBILIDADE LOCAL*, NOMEADO: *"RED DE SANEAMIENTO Y BOMBEO EN BERGONDO (LUGAR DE BERGONDIÑO Y TRAVESÍA DE SAN CIDRE".*

Dase conta ós/ás asistentes da proposta informada favorablemente pola Comisión Informativa, que transcrita literalmente di:
"*O Real decreto-lei 9/2008, de 28 de novembro, creou o Fondo Estatal de Inversión Local, dotado con 8.000 millóns de euros, co obxecto de aumenta-la inversión pública no ámbito local, mediante o financiamento de obras de nova planificación, execución inmediata e competencia propia das entidades locais.*
A través do ***Real Decreto-lei 13/2009, de 26 de outubro****, (BOE núm. 259, de 27/10/2009), apróbase a creación dun novo Fondo, se ben se incorpora como obxectivo do mesmo que as inversións, proxectos e actuacións financiadas contribúan á sostenibilidade económica, social e ambiental, polo que se denomina* ***Fondo Estatal para o Emprego e Sostenibilidade Local.*** *No artigo 2 da citada norma establécense os proxectos de inversión e actuacións financiables con cargo a este fondo e, no artigo 9, detállanse os tipos de obras, equipamento e outras inversións financiables.*
Na ***Resolución de 2 de novembro de 2009,*** *da Secretaría de Estado de Cooperación Territorial (publicada no BOE núm. 265, de 03/11/2009), establécese que no prazo de tres meses, contados a partir do día seguinte ó da publicación no "Boletín Oficial do Estado" da presente Resolución, poderase presentar unha solicitude por cada proxecto de inversión a través da aplicación informática dispoñible a estes efectos na dirección electrónica do Ministerio de Política Territorial (www.mpt.es). As solicitudes presentaranse nos modelos de solicitude electrónica que se relacionan no anexo II da mencionada norma. Así mesmo, establécense as condicións para a autorización do financiamento, a adxudicación e o remate e xustificación da*

inversión. Neste sentido, disponse que a data límite de execución das obras será o 31 de decembro de 2010 e, para a acreditación das inversións realizadas, disporase de prazo ata o 31 de marzo de 2011.
En consecuencia co anterior, solicitouse a elaboración do correspondente proxecto e requiriuse ós servizos técnicos municipais de Vías e Obras a emisión dun informe sobre o mesmo, realizado con data de 8 de xaneiro de 2009, e que consta no expediente, co fin de ***propoñer ó Pleno que, logo de examina-lo citado expediente, adopte o seguinte acordo****:*
Primeiro.- Aproba-lo proxecto *nomeado "****Red de saneamiento y bombeos en Bergondo (lugar de Bergondiño y Travesía de San Cidre)"****cun orzamento sen IVE de 143.330,35 euros, IVE de 22.932,86 euros, que supón un total de* ***166.263,21 euros,*** *redactado polo enxeñeiro de camiños, canais e portos don José Luis Piñeiro Arnoso, colexiado núm. 5.178, e financiado integramente polo citado* ***Fondo Estatal para o Emprego e Sostenibilidade Local****.*
Segundo.- *Declarar que este concello está a tramitar as actuacións correspondentes para a disposición dos terreos, augas e servidumes para a execución das obras, e o relacionado coas concesións e autorizacións administrativas que legalmente sexan necesarias.*
Terceiro*.-* ***Presentar*** *na Subdelegación do Goberno, mediante a aplicación informática,* ***a solicitude correspondente****, acompañada dunha memoria explicativa do proxecto de inversión e demais documentación indicada no artigo 3.2 da Resolución da Secretaría de Estado de Cooperación Territorial, do día 2 de novembro de 2009 (publicada no BOE núm. 265, de 03/11/2009).*
Cuarto.- *Facultar expresamente á Sra. alcaldesa para todo o necesario e relacionado coa tramitación e xestión do presente acordo e o seu correspondente expediente.*
De tódolos xeitos o Pleno municipal decidirá o que crea máis conveniente.
Bergondo, 11 de xaneiro de 2010=O alcalde en funcións(Decreto 1042/2009)=José M. Francisco Mata Buyo"

Trala correspondente deliberación, o Pleno municipal por **unanimidade** dos/as doce concelleiros/as asistentes, dos trece que forman a totalidade da Corporación municipal, aproba a proposta que se acaba de transcribir.

3.- APROBACIÓN SE PROCEDE, DO PROXECTO DA OBRA INCLUÍDA NO *FONDO ESTATAL PARA O EMPREGO E SOSTENIBILIDADE LOCAL,* NOMEADO *"RED DE SANEAMIENTO EN OUCES (LUGARES DE O CASAL Y SILVOSO)"*

Dase conta ós/ás asistentes da proposta informada favorablemente pola Comisión Informativa, que transcrita literalmente di:
"O Real decreto-lei 9/2008, de 28 de novembro, creou o Fondo Estatal de Inversión Local, dotado con 8.000 millóns de euros, co obxecto de aumenta-la inversión pública no ámbito local, mediante o financiamento de obras de nova planificación, execución inmediata e competencia propia das entidades locais.

A través do ***Real Decreto-lei 13/2009, de 26 de outubro****, (BOE núm. 259, de 27/10/2009), apróbase a creación dun novo Fondo, se ben se incorpora como obxectivo do mesmo que as inversións, proxectos e actuacións financiadas contribúan á sostenibilidade económica, social e ambiental, polo que se denomina* ***Fondo Estatal para o Emprego e Sostenibilidade Local.***

No artigo 2 da citada norma establécense os proxectos de inversión e actuacións financiables con cargo a este fondo e, no artigo 9, detállanse os tipos de obras, equipamento e outras inversións financiables.
Na ***Resolución de 2 de novembro de 2009,*** *da Secretaría de Estado de Cooperación Territorial (publicada no BOE núm. 265, de 03/11/2009), establécese que no prazo de tres meses, contados a partir do día seguinte ó da publicación no "Boletín Oficial do Estado" da presente Resolución, poderase presentar unha solicitude por cada proxecto de inversión a través da aplicación informática dispoñible a estes efectos na dirección electrónica do Ministerio de Política Territorial (www.mpt.es). As solicitudes presentaranse nos modelos de solicitude electrónica que se relacionan no anexo II da mencionada norma. Así mesmo, establécense as condicións para a autorización da financiación, a adxudicación e o remate e xustificación da inversión. Neste sentido, disponse que a data límite de execución das obras será o 31 de decembro de 2010 e, para a acreditación das inversións realizadas, disporase de prazo ata o 31 de marzo de 2011.*
En consecuencia co anterior, solicitouse a elaboración do correspondente proxecto e requiriuse ós servizos técnicos municipais de Vías e Obras a emisión dun informe sobre o mesmo, realizado con data de 8 de xaneiro de 2009, e que consta no expediente, co fin de ***propoñer ó Pleno que, logo de examina-lo citado expediente, adopte o seguinte acordo****:*
Primeiro.- Aproba-lo proxecto *nomeado "****Red de saneamiento en Ouces (lugares de O Casal y Silvoso)",*** *cun orzamento sen IVE de 158.284,83 euros, IVE de 25.325,57 euros, que supón un total de* ***183.610,40 euros,*** *redactado polo enxeñeiro de camiños, canais e portos don José Luis Piñeiro Arnoso, colexiado núm. 5.178, e financiado integramente polo citado* ***Fondo Estatal para o Emprego e Sostenibilidade Local****.*
Segundo.- *Declarar que este concello está a tramitar as actuacións correspondentes para a disposición dos terreos, augas e servidumes para a execución das obras, e o relacionado coas concesións e autorizacións administrativas que legalmente sexan necesarias.*
Terceiro*.-* ***Presentar*** *na Subdelegación do Goberno, mediante a aplicación informática,* ***a solicitude correspondente****, acompañada dunha memoria explicativa do proxecto de inversión e demais documentación indicada no artigo 3.2 da Resolución da Secretaría de Estado de Cooperación Territorial, do día 2 de novembro de 2009 (publicada no BOE núm. 265, de 03/11/2009).*
Cuarto.- *Facultar expresamente á Sra. alcaldesa para todo o necesario e relacionado coa tramitación e xestión do presente acordo e o seu correspondente expediente.*
De tódolos xeitos o Pleno municipal decidirá o que crea máis conveniente.
Bergondo, 11 de xaneiro de 2010=O alcalde en funcións(Decreto 1042/2009)=José M. Francisco Mata Buyo"

Trala correspondente deliberación, o Pleno municipal por **unanimidade** dos/as doce concelleiros/as asistentes, dos trece que forman a totalidade da Corporación municipal, aproba a proposta que se acaba de transcribir.

4.- APROBACIÓN SE PROCEDE, , DO PROXECTO DA OBRA INCLUÍDA NO *FONDO ESTATAL PARA O EMPREGO E SOSTENIBILIDADE LOCAL*, NOMEADO: *"RED DE SANEAMIENTO EN MORUXO (LUGAR DE MORUXO)"*

Dase conta ós/ás asistentes da proposta informada favorablemente pola Comisión Informativa, que transcrita literalmente di:

"*O Real decreto-lei 9/2008, de 28 de novembro, creou o Fondo Estatal de Inversión Local, dotado con 8.000 millóns de euros, co obxecto de aumenta-la inversión pública no ámbito local, mediante o financiamento de obras de nova planificación, execución inmediata e competencia propia das entidades locais.*

A través do ***Real Decreto-lei 13/2009, de 26 de outubro****, (BOE núm. 259, de 27/10/2009), apróbase a creación dun novo Fondo, se ben se incorpora como obxectivo do mesmo que as inversións, proxectos e actuacións financiadas contribúan á sostenibilidade económica, social e ambiental, polo que se denomina* ***Fondo Estatal para o Emprego e Sostenibilidade Local.*** *No artigo 2 da citada norma establécense os proxectos de inversión e actuacións financiables con cargo a este fondo e, no artigo 9, detállanse os tipos de obras, equipamento e outras inversións financiables.*

Na ***Resolución de 2 de novembro de 2009,*** *da Secretaría de Estado de Cooperación Territorial (publicada no BOE núm. 265, de 03/11/2009), establécese que no prazo de tres meses, contados a partir do día seguinte ó da publicación no "Boletín Oficial do Estado" da presente Resolución, poderase presentar unha solicitude por cada proxecto de inversión a través da aplicación informática dispoñible a estes efectos na dirección electrónica do Ministerio de Política Territorial (www.mpt.es). As solicitudes presentaranse nos modelos de solicitude electrónica que se relacionan no anexo II da mencionada norma. Así mesmo, establécense as condicións para a autorización da financiación, a adxudicación e o remate e xustificación da inversión. Neste sentido, disponse que a data límite de execución das obras será o 31 de decembro de 2010 e, para a acreditación das inversións realizadas, disporase de prazo ata o 31 de marzo de 2011.*

En consecuencia co anterior, solicitouse a elaboración do correspondente proxecto e requiriuse ós servizos técnicos municipais de Vías e Obras a emisión dun informe sobre o mesmo, realizado con data de 8 de xaneiro de 2009, e que consta no expediente, co fin de propoñer ó Pleno que, logo de examina-lo citado expediente, adopte o seguinte acordo:

Primeiro.- Aproba-lo proxecto *nomeado "****Red de saneamiento en Moruxo (lugar de Moruxo)"****cun orzamento sen IVE de 169.754,07 euros, IVE de 27.160,65 euros, que supón un total de* ***196.914,72 euros,*** *redactado polo enxeñeiro de camiños, canais e portos don José Luis Piñeiro Arnoso, colexiado núm. 5.178, e financiado integramente polo citado* ***Fondo Estatal para o Emprego e Sostenibilidade Local****.*

Segundo.- *Declarar que este concello está a tramitar as actuacións correspondentes para a disposición dos terreos, augas e servidumes para a execución das obras, e o relacionado coas concesións e autorizacións administrativas que legalmente sexan necesarias.*

Terceiro*.-* ***Presentar*** *na Subdelegación do Goberno, mediante a aplicación informática,* ***a solicitude correspondente****, acompañada dunha memoria explicativa do proxecto de inversión e demais documentación indicada no artigo 3.2 da Resolución da Secretaría de Estado de Cooperación Territorial, do día 2 de novembro de 2009 (publicada no BOE núm. 265, de 03/11/2009).*

Cuarto.- *Facultar expresamente á Sra. alcaldesa para todo o necesario e relacionado coa tramitación e xestión do presente acordo e o seu correspondente expediente.*

De tódolos xeitos o Pleno municipal decidirá o que crea máis conveniente.

Bergondo, 11 de xaneiro de 2010=O alcalde en funcións(Decreto 1042/2009)=José M. Francisco Mata Buyo"

Trala correspondente deliberación, o Pleno municipal por **unanimidade** dos/as doce concelleiros/as asistentes, dos trece que forman a totalidade da Corporación municipal, aproba a proposta que se acaba de transcribir.

E non existindo máis asuntos que tratar, ás vinte horas e quince minutos, remátase a sesión, de orde do alcalde en funcións, redactándose a presente acta da que eu, a secretaria xeral, dou fe.

A secretaria

M.ª de las Mercedes Fernández González

V. e Pr.:
O alcalde en funcións
(Decreto 1042/2009)

José M. Francisco Mata Buyo